

Material didáctico primaria e educación especial · 41.º

Concurso Escolar ONCE

concursoescolaronce.es/material-primaria/prevenir/

Previr

[Descargar PDF](#)

1. PREPARANDO O TERREO

DESCRIPCIÓN DA DINÁMICA:

Nesta primeira dinámica, traballaranse as habilidades intrapersoais dos alumnos e alumnas.

Este tipo de habilidades axudan a coñecerse mellor e valorarse, facilitando, á súa vez, as relacións cos demais.

Por medio do autoconhecimento e reflexión interior, esta dinámica axudará ao alumnado a definirse, poñendo en valor o seu carácter, así como os seus gustos e hobbies.

O enunciado da ficha sitúa ao alumnado nun contexto gamificado que lle permitirá abrirse e expoñer a súa personalidade.

Pide que non escriban o seu nome real na ficha, xa a que ao remate da dinámica poñeranse todas as fichas en común e será interesante comprobar canto se coñecen os alumnos e alumnas entre si, así como os hobbies que comparten.

Que son as habilidades intrapersoais:

As habilidades intrapersoais son actitudes que unha persoa ten para comprender as súas propias emocións, identificalas e regulalas de forma eficaz, por exemplo o autoconhecimento, a confianza e a autoestima.

Estas capacidades facilitan que unha persoa poida coñecerse a si mesma, para entender mellor o seu propio carácter e personalidade, de maneira que isto lle axude, á súa vez, a relacionarse cos demais.

Están relacionadas coas habilidades brandas ou **Soft skills**, que son as habilidades que unha persoa ten para **expresarse, entender e facerse entende**.

A escoita activa, a comprensión do outro e inspirar confianza son algunhas habilidades brandas.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS:

- Fomentar o autodescubrimento e o recoñecemento da personalidade, consolidando a autoestima.
- Recoñecer aptitudes e calidades propias para poder presentarse ante os demais, co fin de descubrir afinidades que revertan situacións de illamento ou soidade non desexada.

DURACIÓN DA ACTIVIDADE:

15 minutos.

PAUTAS DE REALIZACIÓN:

1. Reparte a ficha a cada alumno e alumna; é importante que non poñan o seu nome.
2. Pide que, en silencio, enchan os campos de texto habilitados na ficha e caractericen o seu avatar: poden debuxar algún complemento ou característica coa que se sintan identificados.
3. Posta en común para debater sobre os gustos e hobbies do alumnado.
 - Intercambia as fichas para que os alumnos e alumnas tenten recoñecerse entre si.
 - Escribe, no encerado, os hobbies que saíron e destaca os que hai en común no grupo-clase.
4. Debatede sobre a diversidade de gustos e hobbies que xurdiron tras a realización da ficha e acordade que actividades poderíades ofrecer como grupo-clase.

[Descargar ficha](#)

FINALIDADE DIDÁCTICA AXUSTADA AO TRABALLO DE PARTICIPACIÓN:

- Recoñecemento das individualidades de cada alumno e alumna.
- Reforzo do sentimento de pertenza do grupo-clase.

ALTERNATIVAS AO DESENVOLVEMENTO DA DINÁMICA:

En función da idade madurativa do teu alumnado, podes facer estas actividades previas para axudarlles a autodefinirse:

- Facer unha chuvia de ideas na que se apunte no encerado o vocabulario que se lles vaia ocorrendo aos nenos e nenas para definir trazos de personalidade (alegre, divertido, creativo, etc.)
- Entregarlles unha listaxe cos trazos de personalidade nos que deban marcar a numeración (de 1 a 3) que mellor os define.

BIBLIOTECA DE RECURSOS

Se dispós de máis tempo de clase ou se queres afondar máis, deixámosche estes recursos gamificados para seguir formando equipo!

